



**PAIS DE ALUMNOS DE 3º e 4º de ESO
1º e 2º de BACHARELATO**

Estimados pais:

Dirixímonos a Vds. para comunicarlles as informacións referentes ao comezo do curso escolar 2017-2018.

1. CALENDARIO DE EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO: tanto o calendario, como as datas de entrega de notas e entrevistas cos pais están na paxina web www.ciamariavigo.org

Teñen que facer os exames correspondentes os días e horas sinalados neste calendario. No caso de que non se presentasen, perderían a oportunidade de recuperar e a MATERIA quedaría suspensa.

A entrega de notas será:

- 2º Bacharelato: Día 5: 12:00 h
- 1º Bacharelato, 3º e 4º E.S.O.: Día 6: 13:00 h
- Entrevistas pais - profesores Día 7: de 10 a 12:00 h.

2. MATRICULA OFICIAL PARA O CURSO 2017-2018 (1º e 2º de Bacharelato):

Esta matrícula é independente da inscrición realizada no colexio no mes de abril.

DÍAS: 1 e 4 de setembro para os alumnos 1º e 2º de Bacharelato (Con todas as materias aprobadas en xuño).

8 de setembro para os alumnos con materias pendentes de xuño.

HORA: Pola mañán de **10.30 a 12.30 h.** Na secretaría do Colexio, entrando por Colmeiro Laforet.

Bacharelato: Todos os alumnos que se matriculen neste nivel deben traer:

- ✚ Unha fotocopia do DNI.
- ✚ Os alumnos de nova inscrición no Centro, o **Historial Académico da E.S.O. ou de Bacharelato.**

3. CURSO 2017-2018:

A data de presentación de alumnos e entrega de horarios do curso 2017-18 será o **15 de Setembro** de acordo coa seguinte orde:

3º E.S.O:	10.00 h	4º E.S.O:	10.30 h
1º Bacharelato:	11.00 h	2º Bacharelato:	11.30 h

4. HORARIO ESCOLAR DO CURSO:

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ESO (3º e 4º)	Mañán	8:45—13:45	8:45—13:45	8:45—13:45	8:45—13:45	8:45—14:30
	Tarde	15:45— 17:35	15:45— 17:35		15:45— 17:35	
BCHTO	Mañán	8:45—13:45	8:45—14:40	8:45—14:40	8:45—14:40	8:45—14:30
	Tarde	15:45—18:30				

5. FONDO DE LIBROS:

O día 15 de setembro, na presentación, entregaranse os textos adxudicados a cada alumno **para 3º e 4º de ESO** do "Fondo de libros" (o listado definitivo de adxudicación será publicado pola Xunta o día 14 de setembro).

6. AUSENCIAS E FALTAS DE PUNTUALIDADE:

- ✓ As faltas de asistencia deben ser xustificadas cunha tarxeta asinada polos pais e entregada ao titor ou por medio da Plataforma "Educamos".
- ✓ Se a falta é previsible (cita médica...) deberán entregar a tarxeta con antelación.
- ✓ **Non se admitirá a asistencia/incorporación tardía ás clases de alumnos enfermos.**
- ✓ Cando un alumno chegue tarde a clase despois de asistir a unha cita médica, **só será admitido a clase, coa xustificación da asistencia a devandita cita expedida polo centro de saúde.**

7. VISITAS AO COLEXIO E CHAMADAS TELEFÓNICAS:

- As visitas ao colexio deben concertarse con antelación, por teléfono ou a través dos seus fillos.
- A telefonista recibe os avisos de luns a venres, de 9:30 a 13:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.
- Os profesores non atenden as chamadas telefónicas durante o horario escolar.

8. SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN:

- A **secretaría** atende de luns a venres, de 11:00 a 13:00 h.
- A **administración** atende luns a venres, de 11:00 a 13:00 h. e de 17:00 a 18:00 h.
- A entrada é pola rúa Colmeiro Laforet. Teléfono: 986 436 400.
Os sábados non hai servizos de administración nin de secretaría.

9. MEDIA PENSIÓN (ESO e Bacharelato):

- O servizo de mediapensión comeza o **día 15 de setembro**.

10. BOLSA DE ESTUDOS (BECAS):

Os alumnos de **bacharelato** que desexen solicitar Bolsa de Estudos do Ministerio de Educación (texto resolución: <https://www.boe.es/boe/dias/2017/07/22/pdfs/BOE-A-2017-8618.pdf>), deben facelo vía telemática a través da sede electrónica do Departamento na dirección: <https://sede.educacion.gob.es>, no apartado de "Tramites y Servicios". **PAZO de solicitudes: 11 de agosto ao 3 de outubro de 2017.**

11. SEGURO DE ACCIDENTES ESCOLAR:

Lembrámoslles que:

1. Cando un alumno necesite facer uso do Seguro de Accidentes, ten que solicitar un "**PARTE**", na **PORTERÍA DO COLEXIO r/Ecuador**.
2. Os Centros médicos onde **teñen** que levar aos nenos son:
 - **CLÍNICA CONCHEIRO:** Avda. de Madrid nº 4
 - **URXENCIAS DO SERGAS (H. Álvaro Cunqueiro)**

NO CASO DE QUE LEVEN AOS SEUS FILLOS A OUTRO CENTRO DE SAÚDE QUE NON SEXAN OS ARRIBA INDICADOS, O SEGURO NON SE FARÁ CARGO DOS GASTOS OCASIONADOS.

12. BACHARELATO:

No recibo do mes de novembro cargaránse **60€** en concepto de gastos de material (enunciados dos exercicios, comentarios de texto, etc.)

13. UNIFORME (ver páxina web):

Todos os alumnos de E.S.O., deberán utilizar o novo equipamento deportivo na clase de Educación Física, tal como se informou na circular de xuño enviada por correo e colgada en Educamos.

Lembrámoslles que a formalización da matrícula implica a aceptación do Regulamento do Réxime Interno do Centro